



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ORDINARIA do 14 de XUÑO de 2024**, adoptou o seguinte acordo:

6.- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIONES DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 23598/333.

Visto o informe xurídico de data 06/06/2024 e o informe de fiscalización do 07/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/06/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

INTRODUCCIÓN

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, e de forma xeral, en un número moi importante de disciplinas deportivas.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo e a consolidación de proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxias no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A procura dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.
- A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 1 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Concellería de deportes considera necesario fomentar proxectos de inversión que teñan por obxecto a mellora das condicións dos campos de fútbol de titularidade privada nos que se desenvolven proxectos de gran interese para a cidade. A proposta trata de dar resposta a unha necesidade detectada nos derradeiros anos pola Concellería de deportes, xa que se entende que os proxectos de inversión de certa envergadura requiren a implicación das administracións publicas, co fin de establecer sinerxías que permitan o desenvolvemento de proxectos de interese para a cidade.

É por isto que esta convocatoria ten por obxecto o financiamento da reposición dos pavimentos de herba artificial de bens inmobles xa existentes. Nestes conceptos se contemplarían, tal como se detalla no artigo 232 da Lei 9/2007, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, actuacións que cumpriran as seguintes características:

- Substitución do pavimento de herba artificial de instalacións deportivas de titularidade privada de entidades sen ánimo de lucro dun ben inmueble xa existente.

A herba artificial dos campos de fútbol ten de media, segundo os datos que aportan a gran maioría de fabricantes do sector, e tendo ademais en conta os antecedentes dos cambios de pavimento nos campos de fútbol de titularidade municipal, unha vida útil de entre 8 e 10 anos, dependendo de múltiples factores. A partires deste período, a herba artificial dos campos de fútbol deixa de ofrecer unhas garantías mínimas para a práctica do fútbol, xa que as fibras se deterioran e se rompen, o pavimento perde a súa flexibilidade, as xuntas se despegan, etc, o que fundamenta a actuación do Concello de Vigo para este tipo concreto de actuacións. O uso intensivo que na cidade de Vigo se fai deste tipo de infraestruturas, grazas ó enorme volume de deportistas da modalidade de fútbol, provoca que o deterioro da herba artificial sexa, nalgúns casos, máis severa en períodos de tempo incluso máis cortos. Esta situación non se produce noutro tipo de pavimentos, cuxa vida útil é moi superior, ó que hai que engadir a problemática que supón que o deterioro da herba se produce en toda a súa extensión xa que perde as súas propiedades, o que obriga a ter que repoñer o pavimento completo, e non partes puntuais.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades deportivas da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2024 consignan, na partida orzamentaria 3420.7800011 “Axuda investimentos inst. deportivas”, un crédito por un importe total de 250.000,00€ (Dous centos cincuenta mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no financiamento das inversións na mellora de instalacións deportivas de titularidade privada da cidade de Vigo nas que se desenvolven proxectos deportivos de interese para a cidade.

En relación cos obxectivos do Concello de Vigo vinculados ó fomento do deporte, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 2 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

diversa, garantir unha oferta deportiva completa e de calidade, impulsar a construción de novas infraestruturas e apoiar proxectos deportivos.

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada á colaboración na mellora de instalacións deportivas de titularidade non municipal nas que se desenvolven proxectos deportivos de interese xeral para a cidade. O importe incluído na ficha do PES desta liña estratéxica aprobada foi de 170.000,00€. Non obstante, tras unha avaliación posterior da actuación prevista e tendo ademais en consideración que o orzamento do servizo de deportes ten recursos suficientes para incrementar o crédito destinado a esta convocatoria, considerouse necesario implementar o importe da proposta ata os 250.000,00€ co obxectivo de atender as necesidades vinculadas co obxectivo da subvención tendo en conta fundamentalmente os incrementos nos custos dos materiais necesarios para a execución material das actuacións derivados do entorno económico actual.

Esta modificación do importe da proposta non require a modificación do PES tal como establece o apartado VII do Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Vigo para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do 8 de marzo de 2024, tendo en consideración que tal como establece o dito a apartado VII o resto de compoñentes da mesma permanecen sen cambios.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades obxecto da convocatoria, todas elas se ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da convocatoria, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, as bases exceptúan o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 3 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal e como establecen as bases, e conforme coa Lei 39/2015 de PAC, trátase dun procedemento de tramitación exclusivamente por medios electrónicos.

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades deportivas obxecto da convocatoria e a súa condición de ser entidades sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas de Vigo sen ánimo de lucro para a mellora e adecuación de campos de fútbol da cidade Vigo.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe de 250.000,00€ (Dous centos cincuenta mil euros) con cargo á partida ornamental 3420.7800011 “Axuda investimentos inst. Deportivas” do orzamento do ano 2024.

ACORDO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 4 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DE SUBVENCIONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIONES DE CAMPOS DE FÚTBOL DE TITULARIDADE PRIVADA DA CIDADE DE VIGO.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as bases que regularán a concesión de subvencións para fomentar a inversión na mellora dos campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo, mediante a entrega dunha axuda económica ás entidades propietarias que, cumprindo os requisitos desta convocatoria, promovan e executen durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2024, actuacións de inversión na mellora en campos de fútbol.

Esta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A proposta se atopa incluída no “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”, aprobado pola Xunta de Goberno Local celebrada o 08.03.24. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, garantir unha oferta deportiva completa e de calidade, impulsar a construción de novas infraestruturas e apoiar proxectos deportivos.

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026. Este plan inclúe entre outras cuestións, unha liña estratéxica orientada á colaboración na mellora de instalacións deportivas de titularidade non municipal nas que se desenvolven proxectos deportivos de interese xeral para a cidade.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é financiar os gastos vinculados coa renovación do céspede artificial en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo, o que contribuirá á dinamización e mellora da oferta deportiva da cidade, a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica do fútbol en todas as idades, para o cal o Concello de Vigo no seu ámbito competencial conta coa competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, ao abeiro do artigo 25.2 I) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) -na redacción dada pola Lei 27/2013- e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 5 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Serán gastos subvencionables as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2024, que de xeito determinado correspondan á execución dos proxectos de substitución do céspede artificial das instalacións, incluídos os gastos financeiros derivados do investimento.

En todo caso, non serán gastos subvencionables:

- Os incrementos do orzamento de gastos que non se tiveran recollido na solicitude achegada.
- Os gastos de mantemento das instalacións ou infraestruturas cuxa execución se subvenciona.
- Os gastos que non estean claramente definidos e que non se tiveran reflectido no orzamento e/ou proxecto.
- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 250.000,00€ (Dous centos cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS, CONDICIÓN DOS TERREOS E AS EDIFICACIÓNS:

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Entidades con ánimo de lucro.
- Entidades educativas.
- Solicitudes cuxos proxectos de substitución da herba artificial non cumpran os criterios mínimos de calidade establecidos no anexo I.3.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 6 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

4. Condicións dos terreos e as edificacións:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- Que non exista contenda ou litixio xudicial en activo por mor da titularidade da propiedade obxecto da actuación.
- Que a instalación estea inscrita no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia

5. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos e estar accollendo competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

6. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

7. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- Presentar proxectos de substitución da herba artificial que cumpran os requisitos mínimos de calidade detallados no anexo I.3.
- Executar a actuación subvencionada consonte o proxecto presentado coa solicitude.
- Dinamizar proxectos deportivos de competición e de formación no ámbito do fútbol vinculados coa instalación obxecto da subvención.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lugar visible, dun cartel informativo a través de cartelería elaborada ao efecto con medidas mínimas de 2X2m.
- Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- Destinar o ben obxecto da actuación subvencionada ao desenvolvemento do fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período mínimo de 8 anos, tal e como se establece no art. 31.4 .a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións . No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 7 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA SUBVENCIÓN E UMBRAIS MÍNIMOS.

1.- Umbrais mínimos de puntuación: Á vista das limitación orzamentarias para obter a condición de beneficiario, o solicitante deberá cumprir os seguintes umbrais mínimos:

- Acadar 65 puntos na valoración dos criterios.

2.- Para efectuar a proposta de concesión da subvención, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 130 puntos:

a) Polo alcance do proxecto:

- 10 puntos para proxectos de importe de entre 125.000€ e 185.000,00€
- 15 puntos para proxectos de importe de entre 185.000,01€ e 200.000,00€
- 50 puntos para proxectos de importe superior a 200.000,00€

b) Promoción do deporte base e do deporte en igualdade: Estar desenvolvendo proxectos deportivos orientados á formación e que potencien a participación da muller.

b.1. Número de licencias de categorías previas á absoluta. Ata 50 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación.

- 0 puntos: <100 licencias deportivas.
- 25 puntos: De 100 a 150 licencias deportivas.
- 50 puntos: >150 licencias deportivas.

b.2. Número de licencias femininas: Ata 15 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación.

- 0 puntos: <20 licencias deportivas.
- 5 puntos: De 20 a 50 licencias deportivas.
- 15 puntos: >50 licencias deportivas.

c) Actividade xeral da entidade solicitante: Relevancia do proxecto deportivo no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 15 puntos, segundo os seguintes criterios:

- Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
- Desenvolvemento dun programa de deporte de base, no que se terá en conta o seu volume total, o volume en relación a proxectos similares da modalidade, e en relación ós proxectos de deporte de base do resto de modalidades.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito territorial das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2023/2024.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 8 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

1.- O importe destinado a estas subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiarias, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior, cos seguintes límites:

- Un máximo de 250.000,00 euros co límite do 75% do custo efectivo das actuacións.

2.- O importe total da convocatoria distribuirase entre a suma total de puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos en cada caso.

3.- O importe a subvencionar por beneficiario en ningún caso poderá superar o importe máximo previsto, nin ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actuación subvencionada. No caso de que polo valor dos puntos, o importe dunha subvención supere calquera dos límites, aplicarase o factor de corrección necesario.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electronicamente pola persoa que represente da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Cada entidade só poderá presentar unha solicitude.

Todas as solicitudes, así coma as posibles emendas telemáticas, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo/a representante legal da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 9 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A) Anexos:

- Anexo I.2. Declaración responsable.

B) Outra documentación obrigatoria:

-Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.

-Documentación que acredite a propiedade/Dispoñibilidade da instalación obxecto da actuación (Mínimo 10 anos).

-No suposto de terreos/instalacións cedidos por outros entes públicos ou privados, as entidades peticionarias deberán presentar, igualmente, a autorización expresa de ditos entes para realizar as actuacións obxecto de subvención.

-Certificado actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.

- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.

-Copia da acta de constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno da entidade xurídica.

-Copia do D.N.I. do/a representante legal da entidade xurídica asinante da solicitude de subvención.

-Certificado da Federación correspondente que acredite o número de licencias vinculadas co proxecto deportivo desenvolvido na instalación na tempada 2023/2024.

-Memoria valorada explicativa da actuación, que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.

-Memoria do proxecto deportivo desenvolvido na instalación obxecto da solicitude de subvención.

-Ao tratarse de actuacións subvencionables que superan a contía de establecida no apartado 1 do art. 118 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, o solicitante deberá achegar como mínimo (no momento da xustificación), tres ofertas de diferentes provedores da actuación a subvencionar, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria presentarase no momento da xustificación da subvención.

A Concellería de deportes poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polos solicitantes para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou emende a mesma no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 10 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Publicidade do financiamento público. As beneficiarias das subvencións deberán deixar constancia do financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lugar visible, dun cartel informativo a través de cartelería elaborada ao efecto con medidas mínimas de 2X2m, que deberá permanecer visible durante un período non inferior a 8 anos.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instrutor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluírá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria. Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.-As resolucións ditadas ao abeiro da convocatoria, así como a desestimación presunta das solicitudes porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, sen prexuízo de que as entidades ou agrupacións interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente, os seguintes recursos

- Recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación. Se o acto non fora expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, consonte coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 11 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- O recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á da notificación, se esta fora expresa, o de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (atigo 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Non pode interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presumta do recurso de reposición interposto.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a actuación subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de novembro de 2024 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Concretamente

- Copia simple da licenza de obras ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.
- Contratos de adxudicación das obras.
- Actas de comprobación do replanteo.
- Certificados de obras subscritos polo director da obra/actuación e contratista. Xunto coa certificado final de obra asinado por técnico competente deberá achegar acta de recepción e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.
- Factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda do o Concello de Vigo.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- Nomeamento do/a director/a de obra e coordinador de seguridade e saúde se fora preceptivo polo tipo de actuación.
- Nomeamento do/a director/a técnico da obra se fora preceptivo polo tipo de actuación.

Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 12 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constituán rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos acreditativos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actuación pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

2.4.- Outra documentación:

- Anexo II.1. Relación asinada de documentación presentada acreditativa do gasto polo importe subvencionado.
- Anexo II.2. Declaración responsable

2.5.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 13 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

1.- Ata o 50% do importe total da subvención proposta para cada entidade beneficiaria, proporcionalmente para cada unha delas e co límite do importe máximo dispoñible na aplicación orzamentaria será abonado, ás beneficiarias que o soliciten, mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adjudicación das subvencións, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases dos proxectos. Para este pago anticipado establécese que as entidades beneficiarias, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quiebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quiebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

2.- O resto do importe abonarase ás entidades beneficiarias logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención. O pagamento realizarase con cargo ás partidas orzamentarias 3420.780.00.11 do orzamento da Concellería de deportes.

3.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social mediante a presentación das correspondentes certificacións.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.- Perda do dereito ao cobro:

- Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.
- Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.
- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 14 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

- Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
- Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da LSG e no Título IV da LXS, así como no previsto na normativa de desenvolvemento

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN.

A resolución ou acordo de concesión poderá modificarse, a solicitude da beneficiaria, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 15 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as vixentes Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 16 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Vigo, de de 20__

Sr. CONCELLEIRO DELEGADO DE DEPORTES

ANEXO I.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dna.		DNI.	
Representante legal da entidade		CIF	

Declara,

- Que esta entidade solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións en relación ó proxecto obxecto da subvención solicitada ó Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

- Que esta entidade non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que segundo consta no documento de data, D/Dna..... con DNI:, figura como representante legal da entidade, o que lle outorga, a representación legal da entidade para o trámite obxecto da solicitude.
- A instalación obxecto da solicitude de subvención cumpre cos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia.

Vigo, de de 20__

Sinatura do/da representante legal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 18 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

ANEXO I.3.-REQUISITOS TÉCNICOS MÍNIMOS DOS PROXECTOS DE CAMBIO DE CÉSPEDE EN CAMPOS DE FÚTBOL.

1. LEVANTADO PAVIMENTO CÉSPEDE EXISTENTE:

Levantado de pavimento de céspede existente incluíndo a totalidade de elementos, con aproveitamento da area e do caucho en sacos específicos para a súa reutilización no propio campo. Incluíndo acopio do material, carga e transporte (xestión do material sobrannte contemplado na partida de xestión de entullos e cascallos); parte proporcional de medios auxiliares e medidas de protección colectivas e individuais.

2. REPARACIÓNS SUBBASE E EQUIPAMENTO, DESMONTAXES E MONTAXES

Reparacións da subbase de aglomerado asfáltico para corrixi-las deficiencias de planeidade existentes do terreo de xogo; desmontaxe de varanda perimetral e dos equipamentos deportivos existentes (porterías, bancos, banderíns, etc) con acopio do material en obra e posterior recolocación dos mesmos incluíndo as reparacións necesarias para solventar-las deficiencias existentes nas porterías (anclaxe de redes, reforzo unións, etc); desmontaxe de canaleta perimetral, revisión da rede de rego e de recollida de auga, limpeza e montaxe incluíndo substitución de parafusos e pequeno material deteriorados. Incluíndo p.p. de medios auxiliares necesarios e medidas de seguridade colectivas e individuais.

3. CÉSPEDE ARTIFICIAL FÚTBOL

Subministro e instalación de Sistema de céspede artificial de última xeración para campo de fútbol, composto por: base elástica prefabricada en rolos continuos cun espesor mínimo de 10 mm e absorción de impactos mínima do 35%; céspede artificial fabricado mediante sistema TUFTING mixto con combinación de monofilamentos (non se admiten sistemas cun único tipo de fibra monofilamento) de fío polietileno tecido sobre dobre backing especialmente reforzado 100% polipropileno cun peso mínimo de 200 gr/m² e unha resistencia ó arranque superior a 30N; altura mínima de filamento 40 mm; Dtex superior a 14.000; puntadas mínimas 8.700 punt/m²; peso mínimo da fibra 1.300 gr/m², peso mínimo total 2.250 gr/m², tratamento anti UVA resistente a calor e xeo, lastrada con area de sílice redondeada lavada e seca e caucho de granulometría 0,5/2,5, con aproveitamento do caucho existente no campo que se enccontre en bo estado na proporción necesaria para garanti-lo cumprimento dos parámetros da UNE EN 15330-1 e FIFA QUALITY, incluíndo liñas de marcaxe do terreo de xogo no mesmo material para fútbol 11 (1 terreo de xogo) en branco e para fútbol 7 (2 terros de xogo) en azul, cumprindo as dimensións esixidas na regulamentación da R.F.E.F.; montaxe e colocación con xuntas encoladas con adhesivo de poliuretano bicomponente. Produto testado en laboratorio, cumprindo os criterios FIFA QUALITY con base elástica. Medida a superficie executada. Incluíndo p.p. de medios auxiliares necesarios e medidas de seguridade colectivas e individuais.

4. LETTERING "CONCELLO DE VIGO"

Subministro e instalación de Lettering "CONCELLO DE VIGO" na banda lateral do terreo de xogo mais próxima á grada de espectadores, cunhas dimensións semellantes a outros instalados noutros campos de fútbol da cidade, executado en cor branca con tiras do mesmo material do céspede artificial novo instalado.

5. XESTIÓN DE ENTULLOS E CASCALLOS

Xestión da totalidade dos entullos e cascallos xerados en obra (céspede antigo e pequeno material da rede de recollida de auga e do equipamento existente). Inclúe aportación de partes de recepción de material en xestores autorizados.

6. CONTROL NORMA UNE-EN 15330-1:2014



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 19 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Determinación dos parámetros de: absorción de impactos (reducción de forzas), deformación vertical, rebote vertical da pelota, resistencia rotacional, rodadura da pelota, regularidade da superficie e velocidade de infiltración da auga do sistema de céspede artificial para fútbol instalado e avaliación da súa conformidade cos requisitos da norma UNE-EN 15330-1:2014 "Superficies deportivas. Superficies de herba artificial e punzonadas principalmente deseñadas para uso exterior. Parte 1: especificación para superficies de herba artificial para fútbol, hockey, rugby, tenis e uso multideportivo". Incluindo desprazamentos, execución de probas e redacción de informe por entidade de control homologada por tal fin.

7. DIMENSIÓN DO TERREO DE XOGO E DAS BANDAS E FONDOS

Os proxectos que se presenten terán que conculcar as dimensións esixidas pola normativa da R.F.E.F.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 20 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

ANEXOII.1.- CONTA XUSTIFICATIVA-

Entidade		CIF	
Enderezo		Localidade	
Telf.		E-Mail	

Subvención concedida polo Concello de Vigo		€	
Importe xustificado	Base Impoñible	€	IVE €

Relación de documentos xustificativos de gasto (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):

	CONCEPTO
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	
11	
12	
13	
14	
15	

TOTAL	Base Impoñible	€	IVE	€
-------	----------------	---	-----	---

D. _____ DNI _____ representante legal da entidade
 _____ CIF: _____ certifica que os documentos que se detallan na conta
 xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de _____ € de base impoñible e _____ € correspondente ó IVE dos
 devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actuación subvencionada pola Concillería de
 Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, de _____ de 20__

Sinatura dixital do/da representante legal



ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna.		DNI:	
Repres. legal da Entidade		CIF:	

DECLARA:

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actuación subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que o custo total da actuación que foi obxecto da subvención foi de€
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actuación subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actuacións subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables de acreditar o cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria e para coa Seguridade Social.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que esta entidade ten solicitadas, concedidas e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

SÍ	
NON	

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
CONCELLO DE VIGO	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

Vigo, de de 20__

Sinatura dixital do/da secretario/a	Conforme dixital do/da representante legal
-------------------------------------	--





CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

ANEXO III.1.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO 2024"

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións é financiar os gastos vinculados coa renovación do céspede artificial en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 250.000,00€ (Dous centos cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas".

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Entidades con ánimo de lucro.
- Entidades educativas.
- Solicitudes cuxos proxectos de substitución da herba artificial non cumpran os criterios mínimos de calidade establecidos no anexo I.3.

4. Condicións dos terreos e as edificacións:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- Que non exista contenda ou litixio xudicial en activo por mor da titularidade da propiedade obxecto da actuación.

5. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos e estar acoellendo competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

6. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 23 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitud de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Cellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

A comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de novembro de 2024 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

NOVENA.- PAGAMENTO.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta para cada entidade beneficiaria, proporcionalmente para cada unha delas e co límite do importe máximo dispoñible na aplicación orzamentaria, será abonado ás beneficiarias que o soliciten mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adjudicación das subvencións, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases dos proxectos.

O resto do importe abonarase ás entidades beneficiarias logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 24 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

ANEXO III.3.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data (completar unha vez aprobado) de 2024, polo que se aproba a convocatoria de subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de vigo

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións é financiar os gastos vinculados coa renovación do céspede artificial en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 250.000,00€ (Dous centos cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 “Axuda investimentos inst. deportivas”.

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de novembro de 2024 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 25 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 16:22	Páxina 26 de 26
SUBVENCIONS	CSV: A8AB5H-BBA844-AFE933-9RL2ZD-NRHL28-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		